



**FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO e AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL
ESCOLAR**

ORDE DO 9 DE MAIO DE 2018 (DOG nº 95, do 21 de maio de 2018)

PRAZO: do 22 de maio ao 22 de xuño de 2018

1) Obxeto da convocatoria:

- a) **Fondo libros:** estar matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria e en 1º, 2º, 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria nun centro con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, durante o curso escolar 2018/2019.
É necesario ter devolto os libros de texto e/ou material reutilizable adquirido coas axudas do curso 2017/2018.
- b) **Axudas libros de textos:**
- 1) Para 1º e 2º de Primaria.
 - 2) Para alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65% e necesidades específicas de apoio educativo.
- c) **Axudas para adquirir material:** destinadas a toda primaria e secundaria.

2) Presentación: PRAZO: do 22 de maio ao 22 de xuño de 2018

- Poderán presentar solicitudes os pais, nais, tutores ou representantes legais do alumnado.
- A solicitude será única para todos os fillos admitidos no mesmo centro.
- Se están admitidos en centros docentes distintos presentárase unha solicitude en cada un dos centros.
- Cando o alumnado, no momento de presentar a solicitude, aínda non estea admitido en ningún centro docente para o curso 2018/19, deberá presentala no centro en que estivese matriculado no curso 2017/18.
- As solicitudes presentáranse preferiblemente por vía electrónica nos formularios disponibles na aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> Neste caso unha vez cubertos todos os datos deberán gardala, obtendo así o número da solicitude e posteriormente poderán optar polas seguintes formas de presentación:

- a) *Presentación no centro: Neste caso imprimirán a solicitude e o anexo II e presentaranos no centro(debidamente asinados),xunto coa documentación.*
- b) *Presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.*

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes de xeito manual.

-O alumnado que repita 4º de ESO poderá presentar a solicitude no prazo dun mes desde a formalización da matrícula.